

## Respostas cs. Semana 18-22 Maio

ATENCIÓN: ESTA FICHA É PARA ENTREGAR.

[Colexioflavia1@gmail.com](mailto:Colexioflavia1@gmail.com).

-Deben estar feitas no cuaderno.

- Destacando os enunciados e deixando espazos.

-Escribir con letra ben clara.

### Tarefa 1



Seguindo as pautas do exercicio 1 da páxina 34, tes que describir esta paisaxe.

#### ***Paisaxe de montaña***

*O clima é de alta montaña: invernos fríos, con moitos días por debaixo de 0º e veráns frescos. Precipitacións abundantes todo o ano*

***Vexetación.*** Abundancia de coníferas e praderías.

#### ***Descrición da paisaxe***

*Elementos naturais:*

*1. No primeiro plano: praderías e restos illados de vexetación arbórea.*

*2. No plano medio: vese unha cadea de montañas de pouca altitude cubertas de bosque.*

*No fondo: sitúase unha cordilleira de gran altura, escarpada e completamente nevada.*

#### ***Elementos humanizados.***

*No primeiro e segundo plano hai un pequeno núcleo de poboación e casas diseminadas ao longo da paisaxe.*

*Vese unha estrada que comunica a poboación.*

## **Tarefa 2**

Describe a fotografía e explica o que é a deforestación. Que outras causas provocan a desaparición de árbores?



*A deforestación é a perda de bosques debido a tala indiscriminada para obter madeira ou debido aos incendios forestais.*

*Outras causas da deforestación son a extensión dos cultivos e a construción.*

## **Tarefa 3**

*Como lles afecta a contaminación da Terra aos seres humanos? Que efectos produce nos animais e nas plantas?*

*Aos **seres humanos**. A contaminación do medio natural prexudica a saúde das persoas. Por exemplo, pode provocar alteracións na pel, alerxias, problemas respiratorios ou cardíacos e outras moitas enfermidades.*

*Aos **animais**. Moitos contaminantes deposítanse sobre as plantas ou na auga que posteriormente os animais consumirán e que se acabarán incorporando ao seu organismo.*

*Ás **plantas**. A contaminación do aire, da auga e do solo aféctalles ás plantas, xa que dificulta o seu crecemento e lles pode provocar enfermidades e mesmo a morte.*

#### Tarefa 4

Observa o esquema da cadea alimentaria e explica como a contaminación das plantas e dos animais lles acaba afectando tamén aos seres humanos.



*Cando se contamina o bosque, ós residuos penetran na terra. As plantas absorben esas substancias e pasan aos herbívoros. Estes herbívoros son consumidos polos seres humanos. Deste xeito ingerimos alimentos contaminados perxudiciais para a saúde..*

#### Tarefa 5

Observa o esquema da cadea de reciclaxe e **explica** cales son os cinco pasos que segue a reciclaxe de produtos.



*Punto 1. Punto de orixe, onde se depositan os diferentes residuos.*

*Punto 2. Corresponde a etapa de recollida e separación.*

*Punto 3. Plantas de fabricación de novos produtos.*

*Punto 4. Novo uso dos materiais reciclados.*

*Punto 5. Reutilización polo consumidor.*